

## PROGRAMACIÓN 4º ESO (CPI VIRXE DOS REMEDIOS)

### 1. Relación de Unidades Didácticas e obxectivos das mesmas

UD	Título	Descrición	Trimestre
1	Que non te enganen!	<p>Na primeira unidade o alumnado vai realizar un primeiro achegamento ao contexto histórico da lingua e da literatura nos séculos XX e XXI, co obxectivo de establecer as coordenadas que explican o estado da nosa cultura na actualidade, enfatizando na produción textual narrativas do primeiro terzo do século pasado.</p> <p>O alumnado vai achegarse ao éuscaro como mostra da diversidade lingüística do Estado e vai ampliar os seus coñecementos da lingua portuguesa con textos xornalísticos, diferentes audios ou visionado de franmentos de filmes lusónos.</p> <p>Mediante o xénero argumentativo o alumnado reflexionará sobre a importancia do galego como vehículo transmisor dunha cultura, ademais de expor temas que reforcen o compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, pacífica, inclusiva e democrática.</p>	1º T
2	Eu loito de loito	<p>O alumnado aproximarase ás diferentes variedades lingüísticas do noso idioma enfatizando nos fenómenos dialectais e fonéticos da súa contorna co fin de valorar e recoñecer a riqueza do idioma elaborando un traballo de investigación sobre o uso do galego na Terra de Caldelas. A visita dunha personaxe relevante nas artes gráficas contribuirá á reflexión sobre os estereotipos históricos e actuais que atenazan e discriminan o galego, analizando as principais desviacións da norma verificadas. Co gallo da celebración do 25 N o alumnado poderá desenvolver unha exposición oral a partir da crítica feminista. Ademais, seguirase traballando con textos dos grandes narradores da Xeración Nós, valorando a figura de Risco e a súa estancia na vila de Castro Caldelas.</p>	1º T
3	A pedra e a noite	<p>Nesta terceira unidade o alumnado descubrirá as etapas máis relevantes da nosa lírica, desde as vangardas ata a</p>	2º T

		<p>poesía actual, pasando pola xeración dos 50 na cal se encadra Celso Emilio Ferreiro, autor cuxa obra "Longa noite de pedra" se propón para a lectura trimestral. Ademais, o alumnado reflexionará sobre a consecución dos dereitos lingüísticos e o marco lexislativo vixente comparándoo coa etapa franquista en que foi escrito o poemario antedito, facendo unha análise crítica do papel dos medios de comunicación no estado do galego.</p> <p>Afondarase no papel xogado pola música na normalización do noso idioma a través da Nova Canción Galega para chegarmos a expresións musicais actuais na nosa lingua. Pecharase a unidade coa celebración dun certame músico-poético onde se refrenden os coñecementos adquiridos.</p>	
4	Poetízate!	<p>Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará o currículo como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional.</p> <p>Elaborará un booktuber en vídeo sobre as composicións que máis lle atraesen da antoloxía lírica de Fran Alonso "Poetízate" seguíndomos co estudo do xénero lírico a través da análise de diferentes textos así como a valoración da evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura.</p> <p>Desenvolverá tamén o proxecto en gran grupo coa denominación «Un paso adiante e outro atrás» centrado no achegamento ao xénero poético, partido do sonado poema de Díaz Castro mediante o cal o alumnado realizará unha intervención de poesía xeolocalizada para poñer en valor o seu lugar no mundo e todo o patrimonio que posúe.</p>	2º T
5	Congostras	<p>Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará a carta de motivación como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional. No plano oral traballarase a entrevista de traballo e nela valorará con criterio crítico a información laboral aparecida nos medios de comunicación e nas redes sociais. En ambos os casos traballarase os mecanismos de enriquecemento e precisión léxica así como a corrección ortográfica e</p>	3º T

		<p>gramatical e a utilización de construcións morfosintácticas máis xenuínas evitando castelanismos e outras deturpacións.</p> <p>Nesta unidade o xénero literario protagonista será o teatro, o alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura.</p> <p>En pequenos grupos confeccionan unha peza teatral partindo de referentes dramáticos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI na que a temática xire ao redor da escolla de futuro ou da procura de traballo.</p>	
6	Hoxe comeza todo	<p>A protagonista da unidade vai ser a diversidade dende múltiples perspectivas, a diversidade de xénero, a da creación literaria, a de camiños que o alumnado pode elixir despois de rematar a presente etapa formativa.</p> <p>Agora achegarémonos á literatura por proximidade cronolóxica centrándonos nas manifestacións e tendencias dos nosos anos 20 para facer da lectura un produto de consumo cultural atractivo e actual que pode responder aos intereses do alumnado.</p> <p>En parellas elaborarán unha selección de doce textos con valoración crítica que ofrezan unha visión global da nova creación literaria galega.</p> <p>O alumnado tamén elaborará un booktuber en vídeo onde elaborará unha crítica sobre a obra de teatro presenciada en Ourense.</p> <p>Para rematar, creará textos literarios multimodais que conversen con outras linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega da última década para unha intervención creativa na fin de curso.</p>	3º T

## 2. Criterios de avaliación e recuperación

A presente programación didáctica aplicará os criterios de cualificación ao longo de todo o curso tomando como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un dos instrumentos de avaliación. Para tal fin, e como se indica máis enriba, empregaranse tanto probas escritas como as táboas de indicadores.

Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre puntuadas sobre 7 nas que se incluírán preguntas de comprensión escrita e contidos de gramática, léxico, ortografía e educación literaria literatura. Nas probas escritas poderás descontarse 0,05 por cada falta de ortografía ata un máximo de 1 punto. Da nota destas probas resultará unha nota media.

Tal e como se especifica na introdución e na descrición das unidades, en cada avaliación propoñeranse unha serie de tarefas ou proxectos mediante os cales o alumnado poderá demostrar a consecución e o nivel de dominio das diferentes competencias clave en cada caso, puntuando ata un máximo de 1 punto.

En cada trimestre avaliarase o libro de lectura obrigatorio e este terá unha puntuación máxima de 1 punto na nota trimestral. A avaliación do traballo diario levarase a cabo tendo en conta a participación na aula e a entrega das distintas tarefas académicas propostas. Este terá un puntuación máxima de 1 punto na nota trimestral. Para a avaliación deste apartado o profesorado empregará a observación directa, o rexistro no libro do profesor, listaxes de control e/ou rúbricas.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media das probas escritas (70%), á que se lle sumará a nota obtida na avaliación do libro de lectura (10%), a valoración do traballo diario (10%), a tarefa de competencias clave (10%) e a proba oral (10%). Para aprobar a avaliación é necesario que a suma anterior dea como mínimo un cinco.

A nota final de curso será a nota media das tres avaliacións, tendo en conta a nota real e non a ponderada. No caso de que resulte beneficioso para o alumnado, a terceira avaliación puntuará dobre, é dicir, multiplicarase a cualificación da terceira por dous, sumaranse a primeira e a segunda e, finalmente, dividirase entre catro.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación segundo as necesidades detectadas no noso alumnado. As actividades de apoio, reforzo e recuperación realizaranse co fin de preparar ao alumnado de cara á realización dunha proba final que servirá para superar a materia no caso daqueles estudantes que o precisen.

#### Información adicional

- O estudante que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Non se recollerán traballos fóra de prazo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización das probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia ilícita para mellorar os resultados implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou rebaixada na nota.

#### Criterios de recuperación:

Realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non teñan superado o curso. Estas orientaranse co fin de preparar ao alumnado de cara á realización dunha proba final. Para superar a materia será necesario conseguir, como mínimo, un cinco na devandita proba.